



AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA (2008-2011)

Escudo Concello de Xinzo

Anagrama Union Europea

Anagrama Xunta de Galicia
Presidencia
Secretaría Xeral de Igualdade

1.- COMITÉ DE ELABORACIÓN E DE EXECUCIÓN DO PLAN.

O equipo humano que fixo o seguimento da realización das actuacións do Plan foi variado e multidisciplinar. Contou directamente cun **Coordinador**, Xosé Luis Saburido Novoa (Director e Asesor Técnico do CIM), que se encargou de facer un seguimento directo do Plan durante os catro anos da súa vixencia, así coma a súa avaliación e análise de resultados; deseño e aplicación da ficha de recollida de datos (dentro da que se recollen as actuacións directas desenvolvidas polo Dpto. de Atención á Muller -CIM); así como impulsar as actuacións dentro do Plan. O deseño das metodoloxías específicas, formación e contraste son as súas principais ferramentas de traballo, poidendo incorporar aportacións de persoal técnico alleo ó Concello na medida que se considere oportuno.

O Comité de elaboración e seguimento do Plan, está formado polo seguinte equipo técnico, que se encargaron de desenvolver e coordinar moitas das actuacións que aparecen recollidas na avaliación deste II PIOM da Limia.

- **Coordinación e Elaboración** : Xosé Luis Saburido Novoa.

Colaboracións:

- **Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar; Sanidade e Consumo:** Manuel Cabas López.
- **Dpto. de Atención á Muller (CIM):** Xosé Luis Saburido Novoa e Susana Garrido Domuiño.
- **Dpto de Servizos Sociais Comunitarios:** Gonzalo Opazo Marra; M^a Begoña López Castillo; Ana López Castillo; Elena Feijóo Rodríguez; Antonia García Graña; José Losada Enríquez e Concepción Blanco Blanco.
- **Programa de Educación de Adultos e Apoio Escolar:** Elisa Brea Cid e María López Opazo.
- **Programa Clara:** M^a del Carmen Quintas Fernández e Xosé Luis Saburido Novoa.
- **Dpto. de Cultura e Turismo:** Alfonso Carlos Lóis Suárez.
- **Dpto. de Emprego:** Cándida Cid Méndez e Rosa M^a Prol Prol.
- **Dpto. de Xuventude e Voluntariado:** María López Opazo.
- **Dpto. de Informática e Novas Tecnoloxías da Información:** Jorge L. Gómez Yáñez.
- **Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia (GDR-14):** M^a del Carmen Saborido Díaz e M^a de los Angeles Novoa Carnero.

2.- XUSTIFICACIÓN E OBXECTO DA AVALIACIÓN.

Dende o ano 2008, o Concello de Xinzo de Limia, puxo en marcha o II Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres da Limia (II PIOM), coa finalidade de conquistar unha efectiva igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, nesta liña, dirixíronse as actuacións ás institucións e departamentos locais e á sociedade limiá, a todos os homes e mulleres que conforman a cidadanía da Limia, independentemente da súa idade, etnia, ou nivel sociocultural, entre outros.

Durante os últimos tempos, as mulleres, fóronse incorporando e implicando progresivamente en todos os ámbitos sociais en prol da igualdade: participación, emprego, educación, cultura; sin embargo, aínda existen numerosos atrancos que dificultan o acceso e participación das mulleres en igualdade de condicións ca os homes.

Os datos recollidos das conclusións e resultados obtidos do II PIOM da Limia, e dos anos de funcionamento do CIM, e da experiencia con certos colectivos da oficina de emigración e dos servizos sociais comunitarios, amosan como a pesares dos adiantos que se viñeron producindo en materia de igualdade no Concello de Xinzo, aínda son moitos os retos pendentes, para acadar esa igualdade real e efectiva para mulleres e homes en todas as esferas sociais.

Aspectos como a participación política, o asociacionismo, ou a cultura e educación, caracterízanse por unha maior presenza de mulleres, existindo pola outra banda, as maiores dificultades de acceso a postos de responsabilidade no mundo laboral. Cuestións como a violencia de xénero ou maltrato, consitúen aspectos fundamentais que son causa grave de desigualdade.

A paulatina incorporación da muller ao mundo laboral, trouxo consigo un cambio na distribución das tarefas dentro da unidade familiar co correspondente reparto equitativo de responsabilidades familiares e persoais, que se evidencia en moitos casos nas familias da Limia, sobre todo en parellas de novas xeracións.

A violencia exercida contra as mulleres, constitúe un dos grandes problemas da sociedade actual, que na Limia non pasa desapercibida. Dende o Concello de Xinzo, establecéronse os recursos e ferramentas necesarias (apoio integral ás mulleres vítimas de violencia, asesoramento xurídico e atención psicolóxica permanente, información puntual e tramitación de axudas...), que permitan responder axeitadamente ás necesidades das vítimas.

A idiosincrasia rural da Comarca da Limia, esixe ter en conta a situación específica das mulleres, no que o acceso ós recursos e ós servizos é máis limitado, especialmente para as mulleres, e máis tendo en conta se cabe, a avanzada idade de moitas mulleres limiáns ubicadas íntegramente no rural. Partindo deste contexto definíronse as diferentes áreas e liñas de intervención do PIOM. Na elaboración dos seus obxectivos e accións, tivéronse en conta, ós colectivos de mulleres en risco de exclusión social (inmigrantes, xitanas, responsables de núcleos familiares, vítimas de violencia...). É importante o número de inmigrantes, fundamentalmente de procedencia magrebíe que escollen Xinzo como lugar de residencia, o que fai que teña especial relevancia á atención á situación das mulleres, a miúdo, en maior risco de exclusión ou violencia.

Anualmente séguense concedendo axudas a través da Secretaría Xeral de Igualdade, para o funcionamento dos CIMs, nos que o principio de igualdade é unha prioridade horizontal. Nesta liña o compromiso municipal e o desenrolo de programas impulsados pola Xunta de Galicia e o Instituto da Muller, serviron para seguir mellorando o nivel de implantación e xestión municipal das políticas de igualdade.

Neste II PIOM, levaronse a cabo diferentes actuacións nas nove areas ou liñas de intervención, cunha mención especial á Liña de Violencia contra as Mulleres:

1. *Integración do Principio de Igualdade de Oportunidades no Concello de Xinzo.*
2. *Información, Comunicación e Sensibilización da Poboación da Limia.*
3. *Promoción Económica, Emprego e Formación.*
4. *Educación e Promoción Social.*
5. *Saúde e Benestar Social.*
6. *Cultura, Ocio e Tempo de Lecer.*
7. *Mulleres e Medio Rural.*
8. *Conciliación da Vida Familiar, Persoal, Profesional e Corresponsabilidade.*
9. *Violencia contra as Mulleres.*

A avaliación que se presenta a continuación, constitúe unha ferramenta básica que permite coñecer o alcance da conclusión dos obxectivos e detectar os efectos e impacto das medidas aplicadas.

O Departamento responsable da posta en marcha e coordinación do II PIOM, foi o Centro de Información ás Mulleres da Limia (CIM), quen se encargou do seguimento e avaliación das accións executadas; seguindo as pautas marcadas no apartado de avaliación, tal e como se reflicte no propio Plan.

3.- METODOLOXÍA UTILIZADA NA AVALIACIÓN.

Dentro da metodoloxía, seguiu-se unha liña de traballo baseada na realización dunha avaliación continua que permitiu analizar a adecuación das accións, detectando as propias fortalezas e debilidades que, unha vez identificadas, posibilitan, cando se considere oportuno, a posta en marcha de accións de apoio e reforzos necesarios.

Medir o grao de desenvolvemento das distintas áreas do plan implica a elaboración dun sistema de seguimento. O seguimento do II PIOM das mulleres da Limia, levouse a cabo con carácter anual; así durante todos e cada un dos anos da súa vixencia, contando con información que permita acadar dous obxectivos básicos:

- *Coñecer o grao de cumprimento do plan, á finalización de cada ano, determinando deste xeito qué actuacións se iniciaron e cáles non.*
- *Coñecer cómo se está procesando á execución do plan; isto é, qué actividades concretas se van realizando cara ó cumprimento deste, para cada unha das medidas que se inclúen.*

O método que se utilizou no seguimento baseouse na utilización dunha ficha de recollida de información, deseñada especificamente para recompilar datos relativos a cada unha das actuacións executadas directamente e que cubriu cada organismo responsable durante os anos de vixencia do Plan. As fichas permitiron deixar constancia de cada unha das actividades realizadas para a consecución dos obxectivos e actuacións definidas neste Plan, sinalando con claridade á área e obxectivo concreto do II PIOM, ó que fai referencia; así mesmo, especificouse a data de realización e o alcance e resultados desta.

Pola outra banda, establecéronse cantas reunións se consideraron oportunas para o correcto seguimento desta avaliación.

Coa información que ano a ano se foi recollendo, realizouse un informe sobre a posta en marcha do Plan, que permitiu coñecer o grao de cumprimento de obxectivos, procedendo deste xeito, a unha avaliación continúa que facilitou, o axuste do Plan, para ir coñecendo a aplicación da transversalidade ó principio de igualdade de oportunidades, que inspira o II PIOM da Limia.

As conclusións do seguimento serviron para realizar a avaliación continua durante a aplicación do II PIOM, facilitando información para solventar dúbidas ou problemas que surxiran durante a implantación do Plan. Os resultados que se obtiveron serviron para reorientar e corregir actuacións, coñecer a satisfacción dos

obxectivos, e supervisar o avance na súa implantación. Os datos obtidos facilitarán a proposta de cambios no deseño de organización do Plan cando se fixo necesario.

A avaliación fíxose en varias fases:

- **Parcial:** *avaliación ó final de cada ano, cun total de catro avaliacións anuais.*
- **Final:** *avaliación xeral para determinar en que medida se cumpriron os obxectivos plantexados.*
- **Impacto:** *coa realización da avaliación final contrastouse ademais de si as actividades se executaron, si as propostas de actuación contribuíron a eliminar as desigualdades entre mulleres e homes , ou pola contra provocaron efectos diferenciais entre ambos sexos.*

Como ferramentas de apoio para a realización do seguimento e avaliación utilizáronse: fichas de autoavaliación, entrevistas personais e telefónicas, fichas de recollida de datos... Como indicadores de avaliación consideráronse criterios tanto cualitativos coma cuantitativos.

O procedemento de avaliación final terá dúas vertendes diferentes, en función da información manexada. Por unha banda, procederase a unha avaliación desde unha perspectiva cuantitativa, e pola outra, a unha avaliación cualitativa.


O obxectivo da avaliación cuantitativa será a contabilización das actuacións iniciadas e non iniciadas ou sen finalizar, considerando o seu alcance, sobre todo en termos de ámbito xeográfico e de poboación beneficiaria.

No que respecta á avaliación cualitativa, a súa finalidade será coñecer a opinión que fagan da execución do Plan responsables dos diferentes organismos, entidades e colectivos implicados neste, así como a dos propios colectivos beneficiarios – sobre todo mulleres -, xa que a elas foi dirixido especialmente o presente plan de igualdade, cara á mellora da súa situación na sociedade actual.

4.- ACTUACIÓNS EXECUTADAS NO II PIOM DA LIMIA (2008-2011).

Dentro das actuacións executadas dentro do II PIOM das Mulleres da Limia, de 114 actuacións plantexadas en función das liñas de intervención e os obxectivos especificados nos catro anos de vixencia do Plan (2008-2011), leváronse a cabo directa e indirectamente 104 actuacións, e non se executaron 10, según a avaliación deste resultados, tal e como se pode observar na gráfica adxunta, cumpriuse o 91,22% dos obxectivos plantexados nas diferentes liñas transversais e estratéxicas do Plan, considerando que os resultados en canto a promoción da igualdade e prevención e tratamento integral da violencia de xénero na Limia son moi alentadores, poidendo concluir que a poboación e institucións limiáns están moi sensibilizadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nos distintos ámbitos: político, social, familiar e laboral, e especialmente coa violencia de xénero, tanto no que se refire a prevención e o tratamento integral das vítimas.

Gráfica 1



Táboa 1

ACTUACIÓNS EXECUTADAS NO II PIOM DA LIMIA (2008-2011) EN FUNCIÓN DAS LIÑAS DE INTERVENCIÓN

LIÑAS DE INTERVENCIÓN	ACTUACIÓNS EXECUTADAS DIRECTAMENTE
1.- Integración do Principio de Igualdade no Concello de Xinzo de Limia	14 Actuacións
2.- Información, Comunicación e Sensibilización da Poboación Limiá	5 Actuacións
3.- Promoción Económica, Emprego e Formación	20 Actuacións
4.- Educación e Promoción Social	14 Actuacións
5.- Saúde e Benestar Social	11 Actuacións
6.- Cultura, Ocio e Tempo Libre	5 Actuacións
7.- Mulleres e Medio Rural	15 Actuacións
8.- Conciliación da Vida Familiar, Profesional e Corresponsabilidade	3 Actuacións
9.- Violencia contra as Mulleres	17 Actuacións

Gráfica 2




Como pode observarse na Táboa 1 e Gráfica 2 representativas, o Concello de Xinzo de Limia desenvolveu actuacións en prol da igualdade en cada unha das áreas integradas no Plan, Destacando especialmente o número de actuacións nas áreas de: Integración do Principio de Igualdade no Concello; Información, Comunicación e Sensibilización da Poboación Limiá; Promoción Económica, Emprego e Formación e Violencia contra as Mulleres.

Táboa 2

PORCENTAXE DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA MULLERES DA LIMIA (2008-2011) POR ÁREAS DE ACTUACIÓN.

ÁREAS DE ACTUACIÓN	PORCENTAXE DAS ACTUACIÓNS EXECUTADAS
1.- Integración do Principio de Igualdade no Concello de Xinzo de Limia	93.33%
2.- Información, Comunicación e Sensibilización da Poboación Limiá	83.33%
3.- Promoción Económica, Emprego e Formación	90.90%
4.- Educación e Promoción Social	93,33%
5.- Saúde e Benestar Social	91,66%
6.- Cultura, Ocio e Tempo Libre	71,42%
7.- Mulleres e Medio Rural	88.23%
8.- Conciliación da Vida Familiar, Profesional e Corresponsabilidade	100%
9.- Violencia contra as Mulleres	100%
TOTAL % Media	90,24%

Gráfica 3



Como se reflicte na Táboa 2 e na Gráfica 3 correspondente, é a área de Violencia contra as Mulleres, e a Conciliación da vida Familiar, Profesional e Corresponsabilidade nas que se acada o 100% das actuacións realizadas, acadándose unha porcentaxe media de 90.24% das actuacións totais realizadas nos anos de vixencia do Plan nas nove áreas que integran ó mesmo. É a área de violencia contra as mulleres na que se fixo máis fincapé nas súas actuacións, tratándose pois da área máis determinante deste II PIOM, pola súa importancia nos distintos ámbitos social, familiar e xurídico, e na que o Concello de Xinzo, tomou as decisións máis importantes:

- *Elaboración e posta en marcha do Protocolo de Actuación Municipal para atención ás vítimas de violencia de xénero.*
- *Campañas de sensibilización de cara a prevención da violencia de xénero.*

- *Dotación orzamentaria para alugar dunha habitación custodiada, cando a vítima por circunstancias persoais non quiera voltar a vivenda familiar, e as denuncias se produzan en horario no que moitos organismos están pechados ó público.*
- *Facilidade para que as vítimas de violencia poidan acceder a programas formativos, bolsa de emprego e programas de inserción laboral... (Programa Clara; programas de orientación laboral; programas para adquisición dos certificados de profesionalidad; programa de axuda no fogar; programa de técnicas de búsqueda de emprego; programas de motivación e habilidades sociais...).*
- *Creación e posta en marcha de xeito regulamentado da Comsión-Xunta de Seguridade Local para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero.*

4.1.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA TRANSVERSAL 1: INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NO CONCELLO DE XINZO

OBXECTIVO 1: Establecer sistemas de comunicación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Secretaría Xeral de Igualdade, como organismo encargado de impulsar, asesorar, planificar e avaliar as políticas de igualdade na Comunidade Autónoma Galega.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Creación no Concello de Xinzo de estruturas e unidades especializadas en igualdade e xénero.	SI	• Creación no ano 2004 do CIM, como unidade especializada en igualdade e xénero, que continuou en funcionamento de xeito ininterrompido ata a actualidade.	2008-2011
2. Creación das Comisións necesarias para a posta en marcha do Plan, establecendo a composición e réxime de funcionamento.	SI	• Creación dun Consello de Dirección e de Execución do Plan, do que forman parte os seguintes departamentos: Concellería de Igualdade e Benestar; Dpto de Atención á Muller (CIM); Dpto de Servizos Sociais; Dpto de Recursos Especializados; Dpto. de Cultura e Turismo; Dpto. de Emprego; Dpto. de Xuventude e Voluntariado; Dpto. de Sanidade e Consumo; e Dpto. de Informática e Novas Tecnoloxías da Información. O órgano executivo do Plan está coordinado polo CIM.	2008-2011

OBXECTIVO 2: Introducir a perspectiva de xénero na organización do Concello de Xinzo de Limia			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Promoción dunha presenza equilibrada de mulleres e homes nos diferentes consellos e comisión do Concello de Xinzo.	SI	• Incremento da presenza de mulleres nas comisións culturais do Entroido.	2008-2011
2. Incorporación da perspectiva de xénero no Convenio Laboral do Concello de Xinzo.	SI	• Novo Baremo nas listas de contratación temporal do Concello ás vítimas de violencia de xénero. • Contratación ó longo destes anos de mulleres vítimas de violencia a través dos programas de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia que financia a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.	2008-2011 2008-2011
3. Potenciación do CIM, coma unidade administrativa, e de funcionamento nas políticas de igualdade do Concello de Xinzo de Limia.	SI	• Ó longo dos anos, o CIM, é o organismo encargado das políticas de igualdade e de prevención da violencia de xénero na Comarca da Limia, sendo o persoal técnico do CIM, quen elabora os plans de igualdade e os protocolos de violencia de xénero, tal como se reflicte nos mesmos.	2008-2011
4. Adaptación paulatina da normativa e actuación do Concello de Xinzo de Limia ó principio de igualdade.	SI	• O concello de Xinzo Limia, foi adaptando na súa toma de decisións o principio de igualdade (Listas electoriais, Comisións Municipais). • Creación da Asemblea Xeral do Consorcio Galego dos Servizos Sociais de Igualdade e Benestar.	2008-2011 2011

OBXECTIVO 3: Sensibilizar e capacitar ó persoal político e técnico do Concello de Xinzo para a incorporación do principio de igualdade.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Capacitación técnica, formación e adecuación dos recursos humanos e materiais do Concello de Xinzo a prol do principio de igualdade.	SI	• Formación continua do persoal técnico do CIM, dos persoal de Servizos Sociais Comunitarios, do persoal da Oficina de Inmigración e Minorías Étnicas, da Policía Local, do persoal do Dpto de Emprego e Formación en materia de igualdade.	2008-2011
2. Deseño e posta en marcha de Planos de Sensibilización en materia de igualdade dirixidos ao persoal político e técnico do Concello de Xinzo de Limia.	SI	• Reparto de Invitacións, circulares informativas, carteis, folletos, guías, Plans de Igualdade entre o persoal político e técnico do Concello.	2008-2011
3. Creación de redes de traballo e colaboración entre o persoal técnico dos diferentes departamentos do Concello de Xinzo, que faciliten a difusión de boas prácticas, a aprendizaxe, e o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención.	SI	• Creación da Xunta de Seguridade Local para a Mellora da Atención ás vítimas de Violencia de Xénero e para a Promoción da Igualdade. • Creación de Equipos de Traballo: CIM-Servizos Sociais Comunitarios-Oficina de Inmigración e Minorías Étnicas-Dpto. de Emprego no intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención en materia de igualdade.	2008-2011 2008-2011

OBXECTIVO 4: Incorporar a perspectiva de xénero na recollida, elaboración e difusión da información

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Realización e difusión periódica de investigación e estatísticas sobre a inclusión das mulleres da Limia en relación cos obxectivos do Plan.	NON		
2. Inclusión de xeito sistemático da variable sociodemográfica sexo, nas diferentes estatísticas municipais e na recollida de datos propios de cada departamento, especialmente nas áreas de servizos sociais, emigración, emprego e de atención á muller.	SI	• Inclusión de xeito sistemático da variable sociodemográfica sexo nas estatísticas municipais, especialmente na elaboración de memorias do Dpto. do CIM, do Dpto. de Emprego; do Dpto. de Servizos Sociais e do Programa Clara.	2008-2011

OBXECTIVO 5: Impulsar o compromiso das Entidades Locais da Limia coa igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACTUACIÓNS	ANO
1. Difusión do Plan de Igualdade entre as Entidades Locais da Limia, asesorando e informando do desenvolvemento das súas competencias e responsabilidades en materia de igualdade.	SI	O II PIOM da Limia, foi aprobado en pleno municipal e difundíuse a través do CIM, cunha rolda de prensa perante os medios de comunicación, repartindo exemplares naqueles departamentos municipais que promovan a igualdade: Corporación Municipal. Alcaldía. Partidos Políticos con representación municipal Servizos Sociais Comunitarios; Dpto. de Inmigración, Educación Social e Minorías Étnicas; Dpto. de Cultura e Turismo; Dpto. de Emprego; Dpto. de Xuventude e Voluntariado; Dpto. de Sanidade e Consumo; Dpto. de Informática e Novas Tecnoloxías. Policía Local, Comandancia da Garda Civil,. Asociacións de Mulleres. Centro de Saúde. Concellos da Comarca da Limia.	2008-2009
2. Consideración do territorio local da Limia coma unha prioridade á que deberán responder todas as actuacións do Plan.	SI	O II PIOM da Limia, dirixiuse especialmente á poboación do municipio de Xinzo de Limia, aínda que o seu grao de influencia abarca todos os Concellos limítrofes: Sandiás, Calvos de Randín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Trasmiras, Os Blancos, Baltar, Sarreaus, Porqueira, Cualedro...	
3. Seguir impulsando o funcionamento da Concellería de Benestar e Igualdade, a contratación de asesores e técnicos/as en igualdade e constituir paulatinamente os Consellos de Igualdade Municipal.	SI	O Concello de Xinzo de Limia nas ultimas eleccións municipais, continuou impulsando a Concellería de Igualdade e Benestar; así como o funcionamento do CIM, dentro do que o seu persoal está contratado como asesores técnicos do CIM en materia de igualdade, especialmente no que se	2008-2011

4. Seguir impulsando a participación do Concello de Xinzo en diferentes programas europeos que promoven a igualdade.	SI	refire a Dirección, atención e asesoramento psicolóxico e asesoramento xurídico. • O Concello de Xinzo de Limia, participa no Programa Europeo “Eles Tamén-Homes en Igualdade”, que promove a Secretaría Xeral de Igualdade. • O Concello Puxo en marcha no municipio o Programa Clara: Programa de Formación e Inserción laboral das Mulleres da Limia en Risco de Exclusión Social, que promove o Instituto da Muller e está cofinanciado polo Fondo Social Europeo	2009-2011 2010-2011
---	-----------	---	-----------------------------------

4.2.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA TRANSVERSAL 2: INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DA POBOACIÓN LIMIA

OBXECTIVO 1: Trasmitir e difundir boas prácticas e valores sobre a igualdade para mulleres e homes.			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Realizar traballos de investigación, relacionados con roles e estereotipos sexistas e difundir os seus resultados.	SI	Programa de investigación: “Educar na convivencia e nos saberes cotiáns para identificar actitudes non sexistas na infancia “ (Deseño da investigación-pendente de aplicación).	2008-2011
2. Realizar exposicións e stands informativos sobre mulleres, coincidindo con eventos importantes na Comarca, coa finalidade de amosar unha imaxe máis plural e diversa destas, facendo visible a súa contribución ao desenvolvemento social.	SI	Exposición “Pioneiras”: Mulleres Empresairas Galegas. Esta exposición estivo depositada na Casa da Cultura todo o mes de novembro, coincidindo co día internacional para a eliminación da violencia de xénero (25 de novembro).	2008
3. Publicar artigos, traballos e estudos sobre as mulleres, especialmente os dirixidos á eliminación de estereotipos sexistas.	NON		

OBXECTIVO 2: Evitar unha imaxe estereotipada e sexista das mulleres nos medios de comunicación e na publicidade.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACTUACIÓNS	ANO
1. Difundir nos medios de comunicación os avances e logros detectados nas mulleres da Limia.	SI	Entrevistas e notas de prensa, campañas de sensibilización sobre o funcionamento do CIM, sobre os avances en prol da igualdade e na prevención e tratamento integral da violencia de xénero; así como a divulgación das diferentes actividades programadas dende o CIM, especialmente na Radio Cadena Cope, na Cadena Ser Radio Limia, co xornal “La Región”, e co xornal “ La Voz de Galicia”.	2008-2011
2. Levar a cabo campañas de información sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes na Limia, evitando a perpetuación dos estereotipos e dos roles de xénero.	SI	Conmemoración do día internacional para a eliminación da violencia de xénero (25 de Novembro). Coincidindo coa conmemoración deste día, o CIM, puxo en marcha campañas de información na Praza Maior da vila, sobre a igualdade de oportunidades, e sobre a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.	2008-2011
3. Promover nos medios de comunicación mensaxes igualitarios, eliminando do seu contido calquera forma de violencia ou discriminación.	SI	Promoción de mensaxes igualitarias nas entrevistas e notas de prensa, anuncios en revistas, eliminando do seu contido actitudes sexistas, calquera forma de violencia e discriminación,especialmente na Radio Cadena Cope, na Cadena Ser Radio Limia, co xornal “La Región”, e co xornal “ La Voz de Galicia”, así como nas revistas de Entroido e Festas Patronais de Santa Mariña	2008-2011

4.3.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 1: PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E FORMACIÓN

OBXECTIVO 1: Coñecer e visualizar a situación diferencial das mulleres e os homes limiáns respecto á economía e o emprego.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Incorporar a perspectiva de xénero en tódolos estudos e análises que se leven a cabo para o coñecemento da situación económica da Limia.	SI	- Realización da Análise DAFO correspondente ó emprego e formación na Limia, incluído na solicitude do Programa Clara 2010 e 2011 (Programa de formación ocupacional dirixido ás mulleres en risco de exclusión social). - Nos diferentes estudos e análises (solicitudes, memorias, plans, estudos, programas...), que levan a cabo os/as técnicos/as locais de emprego, os servizos sociais comunitarios e o propio CIM, incorpórase en todos eles a perspectiva de xénero.	2010-2011 2008-2011
2. Introducir a variable sexo en tódalas estatísticas, bases de datos, recollidas na información, relacionadas coa formación, emprego e promoción económica.	SI	Nas diferentes estatísticas e bases de datos do CIM, dos Servizos Sociais Comunitarios e do Dpto. de Emprego e Formación, así como nas diferentes accións formativas que organiza o Concello, introduciuse a variable sexo en tódalas estatísticas.	2008-2011

OBXECTIVO 2: Adecuar as políticas e servizos municipais para o emprego ó principio de igualdade de oportunidades.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIONES	ANO
1. Incorporar a perspectiva de xénero no deseño, execución e avaliación dos planos e políticas de emprego.	SI	• Incorporación da perspectiva de xénero na Elaboración e Avaliación do II PIOM das mulleres da Limia (2008-2011). • Incorporación da perspectiva de xénero na execución e avaliación do Programa Clara. • Incorporación da perspectiva de xénero no deseño, execución e avaliación dos plans e políticas municipais de emprego e formación. • Nas diferentes estatísticas e bases de datos do CIM, dos Servizos Sociais Comunitarios e do Dpto. de Emprego e Formación, así como nas diferentes accións formativas que organiza o Concello, introduciuse a variable sexo en tódalas estatísticas.	2008-2011 2010-2011 2008-2011 2008-2011
2. Establecer mecanismos de información e coordinación estables coas empresas, organizacións empresariais e sindicais, en relación aos diferentes programas de inserción laboral, así como respecto as súas responsabilidades en materia de igualdade.	SI	• Organización de campañas informativas a través do CIM e do Dpto. de Emprego, relacionadas cos diferentes programas de inserción laboral (Programas de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia; Programas de Fomento da Conciliación, Banco do Tempo, Programas de Cooperación...) con respecto ás responsabilidades en materia de igualdade.	2008-2011
3. Formar en igualdade de oportunidades ao persoal responsable de programas e servizo de asesoramento para o autoemprego e a creación de empresas	SI	• Os/as Técnicos/as Locais de Emprego, ben por iniciativa propia, ou por formación homologada da Consellería de Traballo e Benestar, da Secretaría Xeral de Igualdade e da Deputación Provincial, van adquirindo de forma continuada formación en	2008-2011

4. Fomentar a profesionalización e revalorización do traballo relacionado co coidado e atención a persoas maiores.	SI	igualdade e xénero. • Curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes. • Curso de atención sociosanitaria a persoas no domicilio • Tramitación convalidación Competencias Clave: Niveis II e III, correspondentes a familia profesional: Servizos Socioculturais e a Comunidade.	2010 2011 2011
5. Asesorar ás traballadoras sobre os seus dereitos laborais, apoiando no seu caso, as denuncias ante situacións de discriminación.	SI	• Asesoramento xurídico e laboral permanente, a través da unidade de asesoramento xurídico do CIM.	2008-2011

OBXECTIVO 3: Promover o acceso das mulleres limiáns ao emprego estable en condicións de igualdade.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Incrementar a través da formación e a orientación personalizada as posibilidades de acceso ó mercado laboral das mulleres limiáns, tendo en conta as necesidades específicas de cada colectivo.	SI	- Programa Clara: Programa de formación, asesoramento e inserción laboral das mulleres da Limia en risco de exclusión social. - Bolsa de Emprego do CIM, dirixida ás mulleres da Limia. - Orientación Laboral permanente ás mulleres tendo en conta a súa situación e necesidades específicas.	2010-2011 2008-2011 2008-2011
2. Levar a cabo programas como obradoiros de emprego, cursos formativos..., que permitan ás mulleres da Limia adquirir capacitación práctica naqueles sectores nos que se atopan subrepresentads e nos sectores emerxentes de emprego.	SI	- Escola-Obradoiro de Emprego: sección de albanelería, cantería e recuperación de áreas degradadas. - Plan de formación e inserción profesional: informática de usuario/a - Curso formativo de iniciación á informática. - Programa Clara: “ Programa de formación e orientación laboral dirixido ás mulleres da Limia en risco de exclusión social “. - Formación Ocupacional: obradoiro de motivación para o emprego e Habilidades Sociais; e Obradoiro de Técnicas de Búsqueda de Emprego. - Dependente de Comercio - Axudante técnico en Protección Civil - Informática de usuario - Xardiñeiro	2010 2009 e 2011 2008 e 2010 2010-2011 2010-2011 2008 2009-2011 2009-2010 2008

3. Seguir sensibiliizando ao empresariado e ás comisión responsables de selección do persoal municipal, para a eliminación de estereotipos que dificultan o acceso e promoción das mulleres ao mundo laboral. 4. Sensibilizar ao empresariado da Limia sobre a responsabilidade social das empresas en materia de conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e outros temas de especial relevancia en relación coas condicións e mellora do emprego das mulleres. 5. Fomentar, incentivar e apoiar a continuidade das iniciativas empresariais promovidas por mulleres a través da oferta de axudas, asesoramento, formación e acompañamento no proceso de definición e consolidación da idea empresarial. 6. Seguir mantendo no Concello de Xinzo, bolsas de emprego dirixias ás mulleres da Limia, que faciliten a súa incorporación ó mercado laboral.	SI	• Instalacións de Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes.	2009-2010
		• Actividades auxiliares e viveiros	2010
		• Aplicacións informáticas de xestión.	2011
	SI	• Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio.	2011
		• Organización do Día Internacional da Muller Traballadora.	2010
		• Nas diferentes comisións municipais responsables da selección de persoal, correspondentes as diferentes prazas que se convocaron no Concello ó longo destes catro anos, elimináronse os estereotipos que poden dificultar o acceso das mulleres ó mercado laboral.	2008-2011
	SI	• Dende o CIM, e o Dpto. de emprego e formación, sensibilizouse ó empresariado limiao sobre a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, coincidindo con eventos importantes: "Día da Muller Traballadora " e "Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ".	2008-2011
	SI	• A través do Dpto de Emprego e formación e do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR-14), foméntase, incentívase e apoíase a continuidade das inciativas empresariais promovidas pro mulleres.	2008-2011
	SI	• Creación da Bolsa de Emprego no CIM.	2008-2011

OBXECTIVO 4: Promover a permanencia das mulleres no mercado laboral en condicións de igualdade			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Sensibilizar ás empresas da Limia, para a elaboración de Plans de Igualdade, visualizando a súa participación a través do recoñecemento como “Entidades Colaboradoras coa Igualdade de Oportunidades”.	SI	• Coincidindo coa conmemoración do día internacional da muller traballadora e co día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, instalouse unha carpa institucional diante do Concello e na praza maior para sensibilizar á poboación da Limia sobre a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.	2008-2011
2. Promover a permanencia no emprego e promoción das mulleres no medio rural limiao e de sectores e perfís con especial risco de exclusión do mercado laboral.	SI	• Programa de Inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, dentro do que traballaron varias mulleres na Biblioteca Municipal, Galescola e Limpeza.	2008-2011
3. Formar ás mulleres sin titulación para poder acceder ao mercado laboral.	SI	• Obradoiro de emprego. • Programa Clara: Programa de formación e inserción laboral das mulleres da Limia en risco de exclusión social e laboral.	2010 2010-2011

OBXECTIVO 5: Incorporar a perspectiva de xénero na negociación colectiva			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
4. Impulsar a análise do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xinzo de Limia, desde unha perspectiva de xénero.	NON		
5. Impulsar e apoiar ás organización sindicais para a elaboración de Plans de Igualdade, visibilizando a súa participación a través do recoñecemento como “Entidade Colaboradora coa igualdade de Oportunidades”.	NON		
6. Revisar os baremos referentes ás listas de contratación temporal do Convenio Laboral do Concello de Xinzo, establecendo puntos concretos de baremación para mulleres vítimas de violencia ou maltrato.	SI	Ó longo destes anos conseguiuase que a baremación das listas de contratación temporal do Convenio de Xinzo, recollese un punto concreto de baremación para mulleres vítimas de violencia ou maltrato.	2008-2011
7. Analizar e considerar as retribucións, os despidos, condicións laborais e de promoción interna de homes e mulleres como aspectos relevantes na negociación colectiva.	SI	Son os propios sindicatos a través da Mesa Xeral de Negociación, quen analizan os despidos, condicións laborais e promoción interna dos homes e mulleres	2008-2011
8. Facilitar mecanismos de control que garanten a erradicación do acoso sexual no traballo.	SI	A través da representación sindical, promóvense mecanismos de control que garante a erradicación do acoso sexual no traballo	2008-2011
9. Promover a presenza de mulleres nas seccións sindicais e nos comités de empresa.	SI	O CIM promve a presenza de mulleres nas sección sindicais e nos comités de empresa.	2008-2011

4.4.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 2: EDUCACIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL

OBXECTIVO 1: Adecuación do Sistema Educativo ao principio de igualdade de oportunidades para mulleres e homes

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Formar ó persoal técnico e político do Departamento de Educación en materia de igualdade de oportunidades e coeducación.	SI	Comisión Xunta de Seguridade Local para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade, na que participaron asiduamente os diferentes Centros de Ensino da Limia, dentro da que se trataron este tipo de temas cos representantes do Centros de Ensino de Primaria e Secundaria.	2009-2011
2. Incorporar a perspectiva coeducativa e o enfoque de xénero nos planos de formación e reciclaxe profesional do profesorado de tódalas etapas educativas.	SI		
3. Impulsar a utilización non sexista da linguaxe e as imaxes nos centros educativos.	SI		

OBXECTIVO 2: Sensibilizar á Comunidade Escolar sobre a necesidade de traballar arredor da igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Levar a cabo campañas e accións de sensibilización dirixidas ao profesorado, persoal non docente, alumnado e familias da Limia sobre a igualdade de oportunidades para mulleres e homes.	SI	• Contacontos da igualdade. • Obradoiro de Literatura.	2008 2009
2. Potenciar dende os Concellos unha oferta educativa dirixida á mulleres adultas, facilitando o seu acceso aos distintos niveis de ensino.	SI	• Programa Clara: Módulos de Competencias Clave. • Programa de Educación de Adultos.	2010-2011 2008-2011
3. Realizar proxectos no ámbito educativo que fomenten a igualdade de oportunidades.	SI	• Proxecto de Investigación nos Centros Educativos: Educar na convivencia e nos saberes cotiáns para identificar actitudes non sexistas na infancia.	2008-2011
4. Fomentar un cambio de actitudes na Limia, incorporando o principio de igualdade de oportunidades en tódas as manifestacións do mundo da cultura e da educación.	SI	• Comisión Xunta de Seguridade Local para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade, na que participaron asiduamente os diferentes Centros de Ensino da Limia, dentro da que se trataron este tipo de temas cos representantes do Centros de Ensino de Primaria e Secundaria.	2009-2011

OBXECTIVO 3: Fomentar a adecuación da educación de persoas adultas na Limia ó principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES / ACCIÓNS	ANO
1. Diseñar e desenrolar dende o Concello programas formativos dirixidos á mulleres limiáns, pertencentes a colectivos máis susceptibles de sufrir exclusión social (xitanos, inmigrantes, discapacitados, vítimas de violencia...).	SI	• Programa Clara • Programa de Educación de Adultos. • Aula de apoio e compensación educativa. • Reforzo de axudas no ámbito escolar. • Proxectos enfocados a favorecer dende o ámbito socio-familiar a normalización do alumnado xitano.	2010-2011 2008-2011 2008-2011 2008-2011 2009-2011
2. Planificar a formación das persoas adultas, tendo en conta a necesidade de adecuar o acceso e os horarios dos cursos ás responsabilidades familiares.	SI	• Programa Clara. • Programa de Educación de Adultos.	2010-2011 2008-2011
3. Establecer mecanismos que favorezan ás mulleres da Limia a posibilidade de realizar a formación que actualmente se oferta desde o Instituto da Muller, desde a Secretaría Xeral de Igualdade, desde a Cosellería de Traballo e Benestar, e desde o propio sistema educativo, e promovela a través das novas tecnoloxías.	SI	• Curso formativo de iniciación á informática. • Plan de formación e inserción profesional: informática de usuario. • Curso de informática de usuario. • Aplicacións informáticas de xestión. • Creación do Centro Multimedia da Limia.	2008 2009 2010 2011 2008-2011
4. Incluir, na formación das persoas adultas da Limia, actividades dirixidas a potenciar a corresponsabilidade dos homes nas actividades domésticas.	SI	• Inclusión do módulo de igualdade de oportunidades nas diferentes accións formativas que promove o Concello.	2008-2011
5. Promover a formación dirixida ás mulleres, especialmente naquelas áreas nas que a súa presenza é minoritaria.	SI	• Obradoiro de Emprego: Módulo de Cantería, Modulo de Albañilería e Módulo de Recuperación de Áreas Degradadas.	2010

6. Divulgar as aportacións das mulleres en todas as manifestacións da cultura, destacando a súa laboura na construción e desenvolvemento da Comarca da Limia.	SI	• Creación do Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia (GDR-14), con ampla representación de mulleres na Xunta Directiva.	2008
		• Asociación de Mulleres Rurais, que organizan diferentes actos culturais.	2008-2011
		• Asociación Sociocultural de Mulleres Rurais "O Fiadeiro", que organizaron o Entroido e as Festas Culturais de Santa Mariña durante estes anos.	2008-2011
7. Impulsar investigación dende o Concello, que recollan as aportacións das mulleres da Limia nos diferentes campos do coñecemento.	NON		
8. Potenciar programas educativos dirixidos a mulleres adultas, coa finalidade de reducir o analfabetismo funcional, facilitando deste xeito o seu acceso ó mercado laboral e ós distintos niveis do ensino.	SI	• Programa Clara. • Programa de Educación de Adultos. • Programa de Desenvolvemento Xitano.	2010-2011 2008-2011 2008-2011

4.5.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 3: SAÚDE E BENESTAR SOCIAL

OBXECTIVO 1: Analizar a saúde e benestar das mulleres da Limia, tendo en conta todas as variables que a poiden determinar: sociedade, economía familiar, emprego, política e cultura.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Incorporar a variable sexo e o enfoque de xénero en todas as estatísticas, bases de datos, traballos de investigación, recollida de información..., relacionadas coa saúde e o benestar da poboación da Limia.	SI	Os diferentes departamentos de servizos sociais, CIM e Emprego, Concellería de Sanidade e Consumo, incorporan a variables sexo na súa base de datos, recollida de información relacionadas coa saúde e benestar.	2008-2011
2. Identificar e analizar os aspectos diferenciais en función do sexo, que interveñen nos procesos e situacións de pobreza e exclusión social (xitanos, inmigrantes, poboación do medio rural...).	SI	- Programa Clara - Rede de Integración Social de Galicia. - Programa de Desenvolvemento Xitano.	2010-2011 2008-2011 2008-2011
3. Adecuar o servizo e programas de atención psicolóxica ás demandas e necesidades das mulleres da Limia.	SI	- Programa de asesoramento e atención psicolóxica dirixido ás mulleres vítimas de violencia. - Programa de Atención Psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade.	2008-2011 2008-2011
4. Fomentar a creación dun grupo de traballo de profesionais do ámbito socio-sanitario (psicólogo do CIM, titulado superior de servizos sociais, traballadoras sociais, médicos e enfermeiras do Centro de Saúde), para traballar arredor da identificación de boas prácticas no ámbito da saúde da muller limiá.	SI	Empezouse a xestar a constitución dun grupo de traballo de profesionais do ámbito socio-sanitario (Concelleiro (Médico), Psicólogo do CIM, Titulado Superior de Servizos Sociais (psicólogo), traballadoras sociais, e a Asociación Escola Rural de Saúde da Limia coa finalidade de identificar boas prácticas no ámbito da saúde da muller limiá.	2008-2011
5. Elaborar campañas informativas desde unha perspectiva de xénero, sobre a educación para a saúde, dirixidas ás	SI	O Concello de Xinzo de Limia veu divulgado ao longo	

diferentes idades e grupos de poboación da Limia.		destes anos diferentes campañas informativas desde unha perspectiva de xénero, sobre educación para a saúde, dirixida á poboación da Limia, ás mulleres, ós homes e a nenos.	2008-2011
6. Incorporar o enfoque de xénero nos programas de prevención e redución do consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.	NON		
7. Establecer accións positivas no acceso aos diferentes sistemas de protección social das familias monoparentais en situación de risco de exclusión social e/ou que sofren violencia de xénero	SI	• O CIM, os Sevizos Sociais Comunitarios e o Dpto. de Inmigración, Educación Social e minorías étnicas, ó longo do ano establecen de xeito continuado sistemas de protección social das familias monoparentais.	2008-2011

OBXECTIVO 2: Proporcionar a saúde integral e o benestar das mulleres da Limia ao longo do seu ciclo vital

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Apoiar a realización de campañas de sensibilización entre as mulleres da Limia, sobre a importancia do autocoidado, a prevención e a detección precoz das enfermidades.	SI	• Concello de Xinzo de Limia, fundamentalmente a través da CIM, dos Servizos Sociais Comunitarios, e do Dpto de Inmigración, Educación Social e minorías étnicas, veu apoiando de xeito incondicional a realización de campañas de sensibilización entre as mulleres da Limia.	2008-2011
2. Colaborar coas administración sociais e sanitarias, orientadas a promover a saúde das mulleres, facilitándolle o acceso os servizos e a xestión de trámites administrativos.	SI	• O Concello de Xinzo de Limia ven colaborando asiduamente coas administración sociais e sanitarias, facilitándolle a casa da cultura, o salón de plenos e o salón de actos para promover a saúde das mulleres da Limia.	2008-2011
3. Promover a realización de campañas e programas orientados a mellorar a saúde integral das mulleres da Limia.	SI	• Obradoiro de hábitos de vida saudable.	2009
4. Definir plans de actuación específicos con aqueles colectivos de mulleres susceptibles de ter por razóns sociais ou culturais, maior dificultade de acceso á saúde e ós servizos sociosanitarios (mulleres xitanas, mulleres inmigrantes, mulleres do medio rural).	SI	• Proxectos enfocados a promoción integral da saúde, dirixidos especialmente ás mulleres e colectivos en risco de exclusión social.	2008-2011
5. Seguir mantendo dende o Concello, cursos, xornadas formativas sobre prevención de riscos laborais, incidindo nos riscos de cada posto de traballo entre mulleres e homes.	SI	• Cursos e Xornadas formativas sobre a prevención de riscos laborais.	2008-2011

4.6.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 4: CULTURA, OCIO E TEMPO DE LECER.

OBXECTIVO 1: Introducir no Concello de Xinzo o enfoque de xénero no ámbito da cultura, artes, ocio e tempo de lecer.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Incluir de maneira sistemática a variable sexo nas estatísticas municipais, e nos estudos e informes impulsados dede o Departamento de Cultura e Turismo do Concello de Xinzo.	NON		
2. Incluir na programación dos servizos culturais e turísticos do Concello de Xinzo actividades para mulleres, atendendo ás necesidades e intereses das mesmas.	SI	• Contacontos da Igualdade. • Obradoiro de Confección dde Máscarás do Entroido “A Pantalla”.	2008 2008-2011

OBXECTIVO 2: Garantir a introducción da perspectiva de xénero nos programas, proxectos e actividades desenroladas polo Concello de Xinzo, no ámbito da cultura, ocio e tempo de lecer.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Formar no enfoque de xénero ao persoal técnico competente do Concello de Xinzo, responsable do deseño, planificación e programación das diferentes actividades culturais, turísticas e de lecer.	NON		
2. Equilibrar a participación das mulleres e homes en todos os tribunais e xurados que se constitúan, en actos culturais, artísticos e turísticos promovidos e organizados polo Concello de Xinzo.	SI	O Concello de Xinzo de Limia, veu incrementando ao longo destes anos, a participación das mulleres nos tribunais que se constitúan en actos culturais, artísticos e turísticos promovidos e organizados: Xurado de selección da Canción Humorística, Xurado de selección do Cartel Promocional do Entroido, Xurado de selección da postal de Nadal...	2008-2011
3. Desenvolver accións positivas nos procedementos de admisión e subvencións para a participación en actividades como campamentos, excursións, obradoiros e todo tipo de actividades de lecer, coa finalidade de facilitar a participación ás familias monoparentais con escasos recursos.	SI	Campamentos de verán, no que participaron os fillos/as de familias monoparentais da Limia, con escasos recursos.	2008-2011
		Obradoiro de configuración de máscaras do entroido “Pantallas”.	2008-2011
		Obradoiro de literatura.	2009
		Contacontos da Igualdade	2008
4. Potenciar a integración e participación da muller limiá en actividades culturais, lúdicas e de lecer, que contribúan a mellora da súa calidade de vida e benestar.	SI	Organización de diferentes andainas e rotas de sendeirismo dirixidas ás mulleres e asociacións de mulleres da Limia.	2008-2011
		Promoción do asociacionismo entre as mulleres da Limia (asesoramento, redacción de estatutos, rexistro e programación de actividades).	2008-2011
		Participación das mulleres nas corais da Limia: “aimilc Folc e Coral Santa Mariña”.	2008-2011

5. Fomentar o intercambio multicultural co grupo de iguais (muller inmigrante, muller xitana, muller rural...), coa finalidade de facer un uso creativo e educativo da nosa cultura.	SI	Programación de actividades de carácter cultural: “entroido, festa do esquecemento, magostos populares, obradoiros....”, nos que asiduamente participan moitas mulleres. Xornada Intercultural e Gastronómica	2008-2011 2008-2009
---	-----------	---	-----------------------------------

4.7.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 5: MULLERES E MEDIO RURAL.

OBXECTIVO 1: Difundir e sensibilizar ó conxunto da sociedade limiá, sobre a situación das mulleres no medio rural.			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Promover traballos e investigación sobre o papel determinante da muller no desenvolvemento do medio rural limao.	SI	• Investigacións levadas a cabo no Dpto. de Emprego e Formación. • Análise DAFO correspondene ao Programa Clara. • Investigacións levadas a cabo no GDR-14 da Limia.	2008-2011 2010-2011 2008-2011
2. Informar e difundir os principais resultados das investigación e diagnósticos realizados na Comarca.	SI	• Información á Consellería de Traballo e Benestar por parte do Dpto de Emprego de Xinzo. • Información ó Instituto da Muller, por parte do Programa Clara. • Información á Conselleria de Medio Rural, por parte do GDR-14 • Difusión dos Programas nos taboleiros de anuncios e medios de comunicación.	2008-2011 2008-2011 2008-2011 2008-2011
3. Revisar o formulario do censo agrario e os datos de poboación a fin de obter estatísticas fiables de participación das mulleres na actividade agraria, que recoñezan social e economicamente o seu traballo	SI	• Revisión dos datos do censo agrario fundamentalmente por parte dos/as técnicos/as locais de emprego.	2008-2011

OBXECTIVO 2: Promover a presenza e participación das mulleres nas organizacións políticas, sindicais, profesionais e sociais do medio rural da Limia.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Realizar actividades de divulgación sobre a necesidade de medidas de acción positiva que favorezan a participación das mulleres nas organizacións políticas, sindicais, profesionais e sociais do medio rural limiao	NON		
2. Asesorar no deseño e posta en marcha de actividades orientadas a favorecer a igualdade de oportunidades e/ou crear áreas específicas da muller nas organizacións políticas	SI	• Inclusión do módulo de igualdade de oportunidades nas diferentes accións formativas programadas dende o Concello de Xinzo de Limia (cursos, obradoiros, xornadas, conmemoracións...).	2008-2011
3. Asesorar e apoiar tecnicamente a aquelas organización políticas, sindicais, profesionais e sociais do medio rural limiao, que desexen deseñar e por en marcha Plans de Acción Positiva.	SI	• Asesoramento permanente dende o CIM a particulares, asociacións, organización políticas...), coa finalidade de favorecer a igualdade de oportunidades, que deseñen por en marcha Plans de Acción Positiva.	2008-2011

OBXECTIVO 3: Favorecer a inserción laboral e o recoñecemento das aportacións das mulleres no desenvolto económico do medio rural limiao.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Desenvolver paulatinamente accións formativas, destinadas a incentivar a inserción das mulleres no sector agrícola en igualdade de condicións que os homes.	SI	• Inclusión do módulo de igualdade de oportunidades nas diferentes accións formativas programadas dende o Concello de Xinzo de Limia (cursos, obradoiros, xornadas, conmemoracións...).	2008-2011
2. Promover novas accións destinadas a mulleres do medio rural, relacionadas coas novas actividades de diversificación (protección do medio, prestacións de servizos, ou actividades non relacionadas coa agricultura).	SI	• Accións promovidas a través do Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia (GDR-14).	2008-2011
3. Establecer técnicas e ferramentas prácticas que permitan asegurar unha maior participación da muller no desenvolto rural limiao.	SI	• Programación de cursos formativos e xornadas a través do Concello de Xinzo, do Instituto do Campo, e da Oficina Comarcal de Extensión Agraria.	2008-2011
4. Incorporar accións positivas favorecendo o acceso das mulleres ós recursos e á obtención de axudas establecidas nos programas de Goberno da Xunta de Galicia.	SI	• Accións positivas a través das axudas que ofrece o GDR-14, dirixidas ás mulleres. • Accións positivas a través das axudas que ofrece o Goberno da Xunta de Galicia.	2008-2011
5. Crear un rexistro de mulleres no ámbito rural limiao, dedicadas á actividade agraria e gandeira.	NON		
6. Mellorar a formación das mulleres do medio rural limiao nas novas tecnoloxías da información.	SI	• Curso formativo de iniciación á informática. • Plan de formación e inseción profesional: informático de usuario. • Curso de informática de usuario. • Aplicacións informáticas de xestión.	2008 2009 2010 2011
7. Promover o cooperativismo entre as mulleres da Limia, facilitando a inserción deste colectivo ó mercado laboral.	SI	• Programa Clara • GDR-14	2010-2011 2008-2011

OBXECTIVO 4: Mellorar os servizos do medio rural			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Estudiar as necesidades e demanda dos servizos de atención ás persoas do medio rural limiao.	SI	• Estudos das necesidades e accións desenvolvidas polo GDR-14. • Estudio das necesidades desenvolvidas pola Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar; Sanidade e Consumo do Concello de Xinzo de Limia.	2008-2011 2008-2011
2. Promover e fomentar locais e equipamentos sociais no medio rural da Limia, facilitando o acceso das mulleres á formación, ó emprego, ó lecer, á cultura e ó deporte.	SI	• Reestructuración e rehabilitación dos locais sociais do medio rural da Limia coa finalidade de facilitar o acceso das mulleres á formación, ó lecer e a cultura.	2008-2011
3. Promover as asociacións ou agrupacións veciñais no medio rural limiao, incrementando a presenza de mulleres nos órganos de goberno.	SI	• Promoción e creación de asociacións ou agrupacións veciñais no medio rural da Limia coa presenza de mulleres nos seus órganos de goberno, a través do CIM e do GDR-14, no que hai unha mesa sectorial da muller, que representa a todas as asociacións de mulleres rexistradas na Comarca da Limia.	2008-2011
4. Organizar cursos e xornadas formativas que faciliten o acceso ás novas tecnoloxías, que axuden ás mulleres do medio rural limiao a superar o seu illamento..	SI	• Curso formativo de iniciación á informática.	2008-2010

4.8.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 6: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, PERSOAL, PROFESIONAL E CORRESPONSABILIDADE.

OBXECTIVO 1: Sensibilizar ao conxunto da poboación limiá sobre a necesaria corresponsabilidade de mulleres e homes no desempeño do traballo doméstico e do coidado de persoas dependentes.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Realizar campañas de sensibilización e outras actividades dirixidas ao conxunto da poboación da Limia, orientadas a difundir a necesidade de que os homes e mulleres se corresponsabilicen da realización de labores domésticas e do coidado de persoas dependentes.	SI	• Coincidindo con eventos importantes: campañas de sensibilización e información permanente do CIM orientadas a poboación limiá, coa finalidade de que os homes e mullers se responsabilicen da realización das labours domésticas.	2008-2011
2. Fomentar a consideración da vida familiar coma unha responsabilidade ineludible de homes e mulleres, e polo tanto consideralo e valóralo na organización de tarefas e tempos da vida laboral	SI	• Posta en marcha no Concello do programa do Banco do Tempo. • O CIM, fomenta todo oano a consideración da vida familiar coma unha responsabilidade ineludible de homes e mulleres.	2008-2011
3. Fomentar o desenrolo de programas de formación, mantemento e reciclaxe orientado a aquelas persoas que abandonaron temporalmente os estudos.	SI	• Obradoiro de Emprego: modulo de cantería, albanelería e recuperación de áreas degradadas. • Programa Clara: Programa de formación e inserción socio-laboral dirixido á mulleres en risco de exclusión social.	2010 2010-2011

4.9.- ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NA LIÑA ESTRATÉXICA 7: VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

OBXECTIVO 1: Establecer medidas de prevención da violencia contra as mulleres na Limia			
ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Por en marcha accións de sensibilización contra a violencia de xénero dirixidas á poboación da Limia, prestando especial atención ás situacións de mulleres en diferentes idades.	SI	• Campañas de sensibilización e difusión de actividades relacionadas coa eliminación da violencia de xénero e igualdade de oportunidades, promovidas polo CIM.	2008-2011
2. Realizar accións de sensibilización especialmente dirixidas a previr todo tipo de violencia entre os colectivos de mulleres máis vulnerables (inmigrantes, discapacitadas, persoas dependentes, xitanas, mulleres do medio rural...).	SI	• Coincidindo coa conmemoración do día internacional da muller traballadora e co día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, instalouse unha carpa institucional diante do Concello e na praza maior para sensibilizar á poboación da Limia sobre a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.	2008-2011
3. Establecer os mecanismos e ferramentas necesarias para traballar arredor da prevención da violencia con aquelas institucións que teñen a responsabilidade da educación e formación das xeracións xoves.	SI	• Programa Clara: módulos de motivación, autoestima e habilidades sociais.	2010-2011
4. Elaboración de expedientes de acceso restrinxido, que permita ós e ás profesionais coñecer a situación pola que atravesa a vítima nas diferentes áreas (emprego, vivenda, formación), para unha intervención máis axustada.	SI	• O CIM, elaborou expedientes de acceso restrinxido correspondentes ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que lles permite coñecer a súa situación familiar, social e laboral (emprego, recursos, formación, vivenda...).	2008-2011
5. Elaborar ou difundir de maneira periódica e actualizada información onde se recolla o conxunto de servizos e recursos existentes no Concello de Xinzo para a atención a mulleres vítimas de violencia ou maltrato	SI	• Campañas de sensibilización e difusión de actividades relacionadas coa eliminación da violencia de xénero e igualdade de oportunidades, promovidas polo CIM.	2008-2011

OBXECTIVO 2: Mellorar a detección, asistencia e intervención en situación de violencia contra as mulleres de Limia.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Elaborar de acordo coas innovacións lexislativas e tecnolóxicas, un protocolo de actuación para a atención integral na Limia das mulleres vítimas de maltrato doméstico e/ou agresións sexuais. E seguimento individualizado.	SI	• Elaboración e publicación do Protocolo de Actuación Municipal para a atención ás vítimas de violencia de xénero.	2008-2011
2. Dotar de mecanismos necesarios para garantir a atención integral a persoas vítimas de violencia, a través do seguimento individualizado, acompañamento familiar e a inserción laboral tras o maltrato.	SI	• Dende o CIM, de xeito permanente faise unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero, e un seguimento individualizado de cada caso. • Programas de Cooperación: Programa de Inserción Laboral das Mulleres Vítimas de Violencia.	2008-2011 2008-2011
3. Facilitar a presenza de mediadores interculturais nos procesos de prevención da violencia e de atención personalizada á mulleres vítimas de violencia ou maltrato pertencentes a outras culturas.	SI	• O Concello a través do Dpto. de Inmigración e Minorías Étnicas pon a disposición mediadores interculturais, naqueles casos que se requiran para a prevención e atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero, pertencentes a outras culturas ou a outras étnias.	2008-2011
4. Seguir mantendo programas de asesoramento e atención psicolóxica permanente ás mulleres vítimas de violencia e para as súas fillas e fillos.	SI	• Programa de asesoramento e atención psicolóxica permanente ás mulleres vítimas de violencia a través do CIM. • Programa de atención psicolóxica especializada para mulleres vítimas de violencia a través do Colexio de Psicólogos de Galicia.	2008-2011 2008-2011
5. Seguir promovendo a través da Consellería de Traballo, da Secretaría Xeral de Igualdade e do propio Concello a inserción laboral na Limia das mulleres vítimas de violencia ou maltrato.	SI	• Programas de Cooperación. • Programa de Inserción Laboral das Mulleres Vítimas de Violencia.	2008-2011 2008-2011

OBXECTIVO 3: Adecuar os recursos e servizos de atención limiaos existentes para atender e acoller ás mulleres vítimas de violencia.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Contemplan a creación de equipos integrais no Concello de Xinzo, de atención a mulleres vítimas de violencia na planificación dos recursos de Servizos Sociais.	SI	• Creación da Comisión-Xunta de Seguridade Local para a mellora de atención ás vítimas de violencia de xenero.	2008-2011
2. Adecuar a oferta de recursos de atención, asistencia e acollida ás mulleres vítimas de violencia ás necesidades detectadas.	SI	• Tanto o CIM, como os Servizos Sociais Comunitarios, ó longo destes anos ven adecuando a oferta dos recursos, asistencia e acollemento das vítimas en función das necesidades detectadas.	2008-2011
3. Seguir mantendo o CIM da Limia, coma Punto de Encontro, coa finalidade de posibilitar unha maior accesibilidade e proximidade ós servizos de asesoramento, atención e intervención en situacións de maltrato e violencia.	SI	• O Concello de Xinzo, mantén con éxito e de forma continuada o CIM dende o ano 2004, no que os dous asesores técnicos (Psicólogo e Asesora Xurídica) son persoal laboral indefinido, e ofrecen prioritariamente os servizos de asesoramento, atención e intervención en situación de maltrato ou violencia.	2008-2011

OBXECTIVO 4: Realizar unha intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, e coas súas fillas e fillos, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía.

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	ACTIVIDADES /ACCIÓNS	ANO
1. Regular as condicións e criterios de organización e funcionamento do Centro de Información ás Mulleres da Limia, garantindo un servizo de calidade adaptado a nova lexislación vixente.	SI	• A organización e funcionamento do CIM, regulase a través da normativa especificada no Decreto 182/2004 de 22 de julio polo que regulan o funcionamento dos Centros de Información ás Mulleres de Galicia. Así mesmo, o CIM, ofrece de xeito continuado un servizo de calidade adaptado a nova lexislación vixente (Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género; Novo Modelo de Solicitud de Asistencia Xurídica Gratuíta...).	2008-2011
2. Atender tódalas demandas de información, asesoramento, atención e recuperación das mulleres que sofren violencia de xénero na Limia.	SI	• Dende os Departamentos do CIM, Emprego, Servizos Sociais Comunitarios e Policía Local e Garda Civil..., aténdense de xeito prioritario todas as demandas de información, asesoramento, atención, control, seguimento e recuperación das mulleres que sofren violencia de xénero na Limia.	2008-2011
3. Apoiar dende o Concello aqueles programas e axudas que faciliten a incorporación das mulleres vítimas de violencia de xénero ó mercado laboral (accións formativas, cursos de formación ocupacional, programas de cooperación...).	SI	• Programa de Inserción Laboral das Mulleres Vítimas de Violencia que promove a Consellería de Traballo e Benestar e a Secretaría Xeral de Igualdade.	2008-2011
		• Programa Clara: Programa de Formación e Inserción Profesional das mulleres en risco de exclusión social (mulleres vítimas de violencia de xénero).	2010-2011
		• Cursos do Plan AFD (Accións Formativas para Desempregados/as), que promove a Consellería de Traballo e Benestar.	2008-2011

4. Promover un protocolo municipal de intervención que dea unha respostas globalizadora e coordinada, e que implique ó persoal técnico de servizos sociais, saúde, xustiza, forzas e corpos de seguridade, emprego.	SI	• Elaboración e publicación do Protocolo de Actuación Municipal para a atención ás vítimas de violencia de xénero.	2010-2011
--	-----------	--	------------------

5.- RESUMO DAS ACTUACIÓNS DO II PIOM DA LIMIA (2008-2011)

ÁREA 1: INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NO CONCELLO DE XINZO.

ÁREA 1: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 10,10%

Executadas: 90,90 %


Esta área serviu para dar a coñecer e ampliar o concepto de de igualdade de oportunidades, e as actuacións nela contidas, no Concello de Xinzo; intentando conseguir que a igualdade sexa real e efectiva, incorporando unha perspectiva de xénero en todos os niveis, intentando que o Concello de Xinzo sexa un modelo a seguir no respecto á igualdade de oportunidades, de xeito que a súa organización e as liñas de traballo sexan sensibles ás diferencias de xénero, e se adecúen ás necesidades das mulleres e homes que traballan nel.

A porcentaxe de execución da área foi do 90,90%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Establecer sistemas de comunicación entre o Concello de Xinzo de Limia e a Secretaría Xeral de Igualdade, como organismo encargado de impulsar, asesorar, planificar e avaliar as políticas de igualdade na Comunidade Autónoma Galega.	2	2	100%	2008-2011
2.- Introducir a perspectiva de xénero na organización do Concello de Xinzo de Limia.	4	4	100%	2008-2011 2011
3.- Sensibilizar e capacitar ó personal político e técnico do Concello de Xinzo para a incorporación do principio de igualdade.	3	3	100%	2008-2011
4.- Incorporar a perspectiva de xénero na recollida, elaboración e difusión da información.	2	1	50%	2008-2011
5.- Impulsar o compromiso das Entidades Locais da Limia coa igualdade de oportunidades para mulleres e homes.	4	4	100%	2008-2009 2008-2011 2009-2011 2010-2011
	15	14	93.33%	

ÁREA 2: INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN DA POBOACIÓN LIMIÁ.

ÁREA 2: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.



Esta área constitúe unha ferramenta determinante para rachar coas crenzas e estereotipos sexistas entre a poboación limiá. A súa vez favorece o cambio de actitudes e a toma de conciencia da sociedade, sobre a necesidade de traballar arredor da consecución da igualdade real entre mulleres e homes, facilitando e reforzando o desenvolvemento de políticas de igualdade.

A porcentaxe de execución da área foi do 83,33%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Trasmitir e difundir boas prácticas e valores sobre a igualdade para mulleres e homes.	3	2	66,66%	2008 2008-2011
2.- Evitar unha imaxe estereotipada e sexista das mulleres nos medios de comunicación e na publicidade	3	3	100%	2008-2011
	6	5	83,33%	

ÁREA 3: PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E FORMACIÓN.

ÁREA 3: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 10,10%

Executadas: 90,90 %

Esta área constitúe un pilar básico na construción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Compre pois dende os propios concellos, e dende as propias empresas instaladas na Comarca impulsar políticas de intervención en materia de formación e emprego, establecendo medidas que lles faciliten ás mulleres compatibilizar a súa vida familiar e privada co desenvolvemento da profesional, dende unha perspectiva de xénero como deben articularse todas as políticas de conciliación.

A porcentaxe de execución da área foi do 90,90%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Coñecer e visualizar a situación diferencial das mulleres e os homes limiáns respecto á economía e o emprego.	2	2	100%	2008-2011 2010-2011
2.- Adecuar as políticas e servizos municipais para o emprego ó principio de igualdade de oportunidades.	5	5	100%	2008-2011 2010-2011 2010 2011
3.- Promover o acceso das mulleres limiáns ao emprego estable en condicións de igualdade.	6	6	100%	2008 2008-2011 2009-2011 2010 2010-2011
4.- Promover a permanencia das mulleres no mercado laboral en condicións de igualdade.	3	3	100%	2008-2011 2010 2010-2011
5.- Incorporar a perspectiva de xénero na negociación colectiva.	6	4	66,66%	
	22	20	90,90%	

ÁREA 4: EDUCACIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL.

ÁREA 4: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 10,10%

Executadas: 90,90 %

O plantexamento inicial no ámbito educativo céntrase sobre todo en que os organismos e institucións adopten dentro das súas competencias, unha serie de medidas conducentes a proporcionarles tanto ás mulleres como ós homes, unha educación para a igualdade, para estes efectos débese adaptar o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo ós obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, reflectindo o trascendente papel que desempeñan as mulleres na evolución histórica. Fomentando as vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e viceversa, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos. As diferencias por sexos radican principalmente nas opcións formativas dunhas e outros, que son determinantes no acceso ó emprego.

A porcentaxe de execución da área foi do 90,90%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Adecuación do Sistema Educativo ó principio de igualdade de oportunidades para mulleres e homes.	3	3	100%	2008-2011
2.- Sensibilizar á Comunidade Escolar sobre a necesidade de traballar arredor da igualdade de oportunidades para mulleres e homes.	4	4	100%	2008 2008-2011 2009 2009-2011 2010-2011
3.- Fomentar a adecuación da educación de persoas adultas na Limia ó principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	8	7	87,5%	2008 2008-2011 2009 2009-2011 2010 2010-2011
	15	14	93,33%	

ÁREA 5: SAÚDE E BENESTAR SOCIAL

ÁREA 5: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 8,34%

Executadas: 91,66 %

O tratamento da saúde das mulleres é diferentes aos dos homes, debido en pare a súa diferente situación social, características e especificidade, é un pilar básico na construción da igualdade de oportunidades para mulleres e homes. Os pasos dados nos últimos anos hacia a consecución da igualdade para mulleres e homes deron lugar a unha importante mellora das condicións das mulleres en todos os ámbitos e con elo, da súa saúde e benestar, nembargantes, aínda é necesario seguir medrando hacia a consecución dunha maior calidade de vida das mulleres, se facemos referencia á Limia, as desigualdades entre mulleres e homes aínda son importantes.

A porcentaxe de execución da área foi do 91,66%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Analizar a saúde e benestar das mulleres da Limia, tendo en conta todas as variables que a poiden determinar: soceidade, economía familiar, emprego, política e cultura.	7	6	85,71%	2008-2011 2010-2011
2.- Proporcionar a saúde integral e o benestar das mulleres da Limia ó longo do seu ciclo vital.	5	5	100%	2008 2008-2011 2009 2009-2011 2010-2011
	12	11	91,66%	

ÁREA 6: CULTURA, OCIO E TEMPO DE LECER

ÁREA 5: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 28,58%

Executadas: 71,42 %

O acceso á cultura, ó deporte, e ó ocio e tempo de lecer das mulleres da Limia, aínda seguen sendo diferente ao dos homes, sendo estes últimos os que dispón de máis tempo libre. Isto é un indicador de que, a pesar do camino percorrido, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes aínda se atopa pendente de consecución. Dende o Concello de Xinzo, púxose en marcha un programa de integración cultural da muller limiá, co obxectivo de conquistar unha maior identificación das mulleres coa súa historia, cultura e tradición, no que elas sexan capaces de difundir a cultura nos diferentes medios de comunicación, potenciando ó mesmo tempo o asociacionismo cultural no eido da muller e adquirindo unha maior participación da mesma, nas diferentes comisión de festas municipais, e eventos culturais, nos que actualmente predomina unha maior presenza masculina (comisión de entroido...).

A porcentaxe de execución da área foi do 71,42%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Introducir no Concello de Xinzo o enfoque de xénero no ámbito da cultura, artes, ocio e tempo de lecer.	2	1	50%	2008 2008-2011
2.- Garantir a introducción da perspectiva de xénero, nos programas, proxección e actividades desenroladas polo Concello de Xinzo, no ámbito da cultura, ocio e tempo de lecer.	5	4	80%	2008 2008-2011 2009 2008-2009
	7	5	71,42%	

ÀREA 7: MULLERES E MEDIO RURAL

ÁREA 7: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 11,77%

Executadas: 88,23%


A situación das mulleres no medio rural limiao debe terse en conta coma un dos factores básicos na construción da igualdade de oportunidades para mulleres e homes. A evolución transcurrida ao longo destes últimos anos nesta área, fixo que a situación destas mulleres mellore considerablemente, pero aínda hoxe en día na Limia, hai un grupo moi concreto de mulleres no medio rural limiao (mulleres de máis de 45 anos, casadas con fillos/as, con estudos básicos ou primarios), dedicadas ás labours do fogar, e a traballos no campo, servindo de apoio aos seus marido, xa que moitas non son titulares das terras, nin teñen un salario; polo que, este avance hacia a igualdade e o recoñecemento dos seus dereitos estase a facer dunha forma moi lenta. As mulleres no medio rural, atópanse en desventaxa respecto ás mulleres que residen na vila, no acceso á educación, á cultura, ao emprego, entre outros; e respecto aos homes, en aspectos coma a falta de recoñecemento no seu traballo, a participación nos diferentes ámbitos da vida cotiá e no proceso de toma de decisións.

A porcentaxe de execución da área foi do 88,23%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Difundir e sensibilizar ó conxunto da sociedade limiá, sobre a situación das mulleres no medio rural.	3	3	100%	2008-2011 2010-2011
2.- Promover a presenza e participación das mulleres nas organización políticas, sindicais, profesionais e sociais do medio rural da Limia.	3	2	66,66%	2008-2011
3.- Favorecer a inserción laboral e o recoñecemento das aportacións das mulleres no desenvolto económico do medio rural limiao.	7	6	85,71%	2008 2008-2011 2009 2010 2011 2010-2011
4.- Mellorar os servizos do Medio Rural.	4	4	100%	2008-2010 2008-2011
	17	15	88,23%	

ÀREA 8: CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, PERSOAL, PROFESIONAL E CORRESPONSABILIDADE.

ÁREA 8: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.



Establecer políticas de conciliación da vida familiar e laboral é unha cuestión cada vez máis necesaria, xa que os modelos tradicionais nos que as mulleres se encargaban do coidado do fogar e da familia están a desaparecer, e os novos modos de vida e novos modelos da familia precisan doutro tipo de iniciativas. Estas políticas son tanto máis urxentes no mundo rural; para elo é necesario a implicación directa das institucións e axentes nos procesos de cambio e avance cara a igualdade e a conciliación da vida persoal, familiar e profesional, clave para o éxito e a extensión deste principio no conxunto da sociedade. Así mesmo, deberase construír unha nova ética do coidado, no que se valore que os homes e mulleres asuman responsabilidades derivadas do ámbito privado, impedindo que a actividade laboral eclipse a vida familiar e persoal dos homes e mulleres. Ademais é imprescindible a creación de servizos de coidado e de proximidade que garanten unha efectiva conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

A porcentaxe de execución da área foi do 100%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Realizar campañas de sensibilización e outras actividades dirixidas ao conxunto da poboación da Limia, orientadas a difundir a necesidade de que os homes e mulleres se corresponsabilicen da realización de labores domésticos e do coidado das persoas dependentes.	3	3	100%	2008-2011 2010 2010-2011
	3	3	100%	

ÁREA 9: VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

ÁREA 9: PORCENTAXE DE EXECUCIÓN.

Non Executadas: 0 %

Executadas: 100 %

A violencia de xénero no ámbito familiar, tamén chamada violencia doméstica, é unha forma particularmente perversa de violencia, onde o terror do abuso físico, psicolóxico, sexual e económico son frecuentes. É por elo, que é precisa unha atención integral, coa finalidade de erradicar definitivamente esta forma de violencia, o que significa combatila e tamén previla. É un fenómeno estrutural, complexo e multicausal. Non é un problema privado, é un problema social e a súa erradicación, polo tanto require unha consideración e tratamento multidisciplinar e coordinado desde diferentes ámbitos, así como unha intervención protocolizada.

A porcentaxe de execución da área foi do 100%.

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS PROGRAMADAS	ACTUACIÓNS EXECUTADAS	% ACTUACIÓNS EXECUTADAS	ANO
1.- Establecer medidas de prevención de violencia contra as mulleres.	5	5	100%	2008-2011
2.- Mellorar a detección, asistencia e intervención en situación de violencia contra as mulleres.	5	5	100%	2008-2011
3.- Adecuar os recursos e servizos de atención ós limiaos existentes para atender e acoller ás mulleres vítimas de violencia.	3	3	100%	2008-2011
4.- Realizar unha intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, e coas súas fillas e fillos, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía.	4	4	100%	2008-2011 2010-2011
	17	17	100%	

6.- CONCLUSIONES

Os resultados que se desprenden da avaliación das actuacións realizadas foron satisfactorios , como reflicte a porcentaxe media de execución (90,24%) que corresponde a 104 actuacións realizadas, dun total de 114 actuacións propostas.

Sinalar que as actuacións non executadas, 10 actuacións (8,78%), non se levaron a cabo ben por dificultades alleas ó desenvolvemento do Plan, ou porque neste 4 anos de desenvolvemento do mesmo, era difícil abordalas directamente.

Táboa 3

**ACTUACIÓNS NON EXECUTADAS NO II PIOM DA LIMIA (2008-2011)
E O MOTIVO QUE O XUSTIFICA**

ACTUACIÓNS	REALIZADAS	MOTIVO
1.- Realización e difusión periódica de investigación e estatísticas sobre a inclusión das mulleres da Limia en relación cos obxectivos do Plan.	NON	Non se fillo porque moitos departamentos do Concello, non tiñan os datos preparados con relación á variable muller. Unha vez que se avalíe o Plan, publicaranse os resultados sobre o mesmo.
2.- Publicar artigos, traballos e estudos sobre as mulleres, especialmente os dirixidos á eliminación de estereotipos sexistas.	NON	Non se fixo, porque non temos resultados sobre traballos e estudos sobre mulleres relacionados coa eliminación de estereotipos sexistas.
3.- Impulsar a análise do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xinzo de Limia, desde unha perspectiva de xénero.	NON	É difícil someter a análise o Convenio Colectivo do Persoal Laboral dende unha perspectiva de xénero, posto que os propios enlaces sindicais non o consideraban prioritario.
4.- Impulsar e apoiar ás organización sindicais para a elaboración de Plans de Igualdade, visibilizando a súa participación a través do recoñecemento como “Entidade Colaboradora coa Igualdade de Oportunidades “.	NON	Nunca os sindicatos con represtación no Concello de Xinzo, se propuxeron elaborar un Plan de Igualdade dentro das súas organizacións sindicais. Se o houbesen feito, colaboraríamos directamente na súa elaboración e posta en marcha.
5.- Impulsar investigacións dende o Concello, que recollan as aportacións das mulleres da Limia nos diferentes campos do Coñecemento.	NON	Por en marcha unha investigación, de por sí, xa é difícil, motivada quizás pola falta de orzamento e tempo material para levala a cabo.
6.- Incorporar o enfoque de xénero nos programas de prevención e redución do consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.	NON	Durante estes catro anos de vixencia do Plan, non houbo ningún programa de prevención e de redución do consumo de

		tabaco, alcohol e outras drogas.
7.- Incluir de maneira sistemática a variable sexo nas estatísticas municipais, e nos estudos e informes impulsados desde o Dpto. de Cultura e Turismo do Concello de Xinzo.	NON	A pesares de que se trata dun Dpto, que se involucrou directamente en incrementar a presenza das mulleres nas comisións e actos culturais, resultounos difícil poder controlar a inclusión da variable sexo nos diferentes estudos e informes culturais.
8.- Formar no enfoque de xénero ao persoal técnico competente do Concello de Xinzo, responsable do deseño, planificación e programación das diferentes actividades culturais, turísticas e de lecer.	NON	Formouse ó Dpto. da Policía Local, ós Servizos Sociais; pero no Dpto. de Cultura e Turismo non se realizou ningunha actividade formativa en xénero .
9.- Realizar actividades de divulgación sobre a necesidade de medidas de acción positiva que favorezan a participación das mulleres nas organización sindicais, políticas, profesionais e sociais do medio rural limiao.	NON	Por motivos de prioridade a hora de deseñar as actividades e por motivos de orzamento económico, non se levaron a cabo estas actividades.
10.- Crear un rexistro de mulleres no ámbito rural limiao, dedicadas a actividade agraria e gandeira.	NON	Non se levou a cabo, porque este rexistro creemos que é competencia da Oficina Comarcal de Extensión Agraria, porque son eles quen manexan os datos estatísticos da actividade agrícola e gandeira das mulleres da Limia.

6.1.- POBOACIÓN DESTINATARIA.

Co obxecto de conseguir unha efectiva igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Comarca da Limia, O II PIOM da Limia, dirixiu as súas actuacións a toda a poboación limiana, entendendo por elo, todos os homes e todas as mulleres que conforman a cidadanía da Limia.

Paralelamente, para a posta en marcha do II PIOM, considerouse prioritaria a participación dos axentes sociais da Comarca, diferenciándose dous tipos de poboación destinataria:

- **Directas:** Mulleres e homes da Comarca da Limia.
- **Indirectas:** Persoal político municipal; persoal técnico de entidades públicas e privadas que traballen na perspectiva de xénero; axentes sociais representativos da área de igualdade de oportunidades; asociacións de mulleres; asociacións e agrupacións veciñais; sector empresarial e sindical; forzas e corpos de seguridade; medios de comunicación...

6.2.- CRITERIOS DE DIFUSIÓN E IMPLANTACIÓN DO PLAN.

O Concello de Xinzo de Limia, a través de cada unha das Áreas e Departamentos, adoptou as medidas necesarias para o desenvolvemento das actuacións planificadas, no ámbito das súas competencias; nesta liña o Concello asignou a execución das actuacións en función dos recursos humanos e financeiros oportunos, onde moitas actuacións foron financiadas directamente polo Concello, ou pola Secretaría Xeral de Igualdade e Instituto da Muller; e outras realizáronse indirectamente en cada un dos departamentos; considerándose a coordinación interdepartamental coma unha actuación transversal nos catro anos de vixencia do mesmo.

ACTUACIÓN DIRECTA DO DPTO. DE ATENCIÓN Á MULLER (CIM)	ANO	ORZAMENTO
Obradoiro de Confección de Máscaras do Entroido	2008	600 €
	2009	600 €
	2010	800 €
	2011	1000 €
Campañas de Sensibilización e Difusión de Actividades relacionadas coa eliminación da violencia de xénero e promoción de igualdade de oportunidades.	2008	300 €
	2009	300 €
	2010	300 €
	2011	300 €
Xornada Conmemorativa do Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra á Muller (25 Novembro)	2008	300 €
	2009	300 €
	2010	20 €
	2011	20 €
Curso Formativo “ Iniciación á Informática “	2008	600 €
	2009	Financiado pola Consellería de Traballo e Benestar
	2010	
Obradoiro sobre o tratamento da violencia de xénero para corpos e forzas de seguridade.	2008	Financiado polo SGI

Obradoiro “Contacontos da igualdade”	2008	Financiado polo SGI
Bolsa de Emprego (Anual)	2008	600 €
	2009	600 €
	2010	600 €
	2011	600 €
XXXIV Curso de Saúde Ambiental: Programa Galego de Municipios Saudables.	2008	Cofinanciado pola Obra Social de Caixa Galicia; a Escola Galega de Estudos Locias (EGAEL), e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
Programa de Investigación “Educar na convivencia e nos saberes cotiáns para identificar actitudes sexistas na infancia “.	2008 2009 2010 2011	200 €
Exposición Itinerante: Pioneiras “Mulleres Empresarias Galegas “.	2008	Financiado polo SGI
Obradoiro de Literatura	2009	Financiado polo SGI
Obradoiro de Hábitos de vida saudable	2009	Financiado polo SGI
Obradoiro de Habilidades Sociais	2009	Financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade
Comisión Xunta de Seguridade Local para a mellora de atención ás vítimas de violencia de xénero.	2009 2010 2011	Sin Cuantificar
Organización do Día Internacional da Muller Traballadora	2010	150€
Elaboración e Publicación do Protocolo Municipal para a atención ás vítimas de violencia de xénero	2010 2011	3334,59 €
Programa Clara: Programa de Formación e Inserción Profesional das mulleres da Limia en risco e exclusión social.	2010 2011	41.000 €
Curso de Atención Socio sanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais.		12.000 €
Obradoiro de motivación e habilidades sociais	2011	Incluído no Convenio Programa Clara 2011

Para o desenvolvemento das accións de información, comunicación e sensibilización en igualdade de oportunidades recurriuse á cartelería e material divulgativo do propio Concello, dá Secretaría Xeral de Igualdade e do Instituto da Muller (guías, cadernos, folletos, trípticos, libros, anuncios, notas de prensa..), que se distribuíron dependendo da información entre técnicos/as, organismos, alumnos/as da universidade, poboación xeral da Limia, coincidindo especialmente con eventos importantes relacionados coa Muller: Conmemoración do Día Internacional da Muller Traballadora; Conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller; Cursos de Verán..., estando os folletos e documentación a disposición da poboación nas dependencias do CIM, no Concello e na Casa da Cultura, e na Biblioteca Municipal (dependendo da información da que se trate).

6.3.- REPERCUSIÓN E IMPACTO.

Destacar que xeralmente, houbo moi boa acollida e resposta nos Concellos, centros educativos, Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia (GDR-14), medios de comunicación e outras entidades que participaron nas actuacións desenroladas no Plan.

Indicadores como a demanda reiterada de repetición de actuacións (obradoiros, programas, comisións...), a solicitude de material editado no marco do Plan de Igualdade (Protocolo de actuación municipal para a atención ás vítimas de violencia de xénero, folletos, manuais de formación complementaria, plans de igualdade, guías...), o intento por modificar a linguaxe, tanto escrita como verbal, a demanda específica da formación (cursos formativos, Programa Clara, obradoiros formativos...), a alta participación do persoal beneficiario (directa ou indirectamente) ou a presenza no Concello de Xinzo dunha Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar, cunha área de atención á muller e igualdade, que serve como referencia na Limia en comisións, foros ou espazos de intercambio de experiencias; axudaron a considerar que a sociedade limiá está cada vez máis concienciada e ten máis coñecemento acerca da igualdade de oportunidades.

Nesta liña, obseváronse cambios nas actitudes, na asunción de estereotipos, na capacidade crítica e na implicación das persoas beneficiarias das actividades e actuacións desenroladas. Así mesmo, resaltar o compromiso, implicación e evolución do persoal técnico que ano tras ano participou directa ou indirectamente nas actuacións.

Sinalar que pese ós bós resultados que favoreceron a convivencia e progreso das mulleres e da poboación xeral da Limia, a realidade segue manifestando a necesidade de continuar con medidas que reduzan desigualdades especialmente nos colectivos de étnia xitana e nos inmigrantes de procedencia magrebí, para poñer en práctica a igualdade de condicións nos dereitos e liberdades individuais.

Agradecer o apoio á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Instituto da Muller, que fan que sexa máis doado acadar obxectivos, que nos permiten conseguir día a día que esa igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva, sin o seu apoio sería moi difícil afrontar este tipo de retos.

7.-ANEXOS

7.1.- FICHAS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO II PIOM DA LIMIA (2008-2011): ANO 2008.

FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO II PLANO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DAS MULLERES DA LIMIA

2008-2011

ALGUNHAS PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DAS FICHAS

1ª: Cubrirase unha ficha para cada unha das actividades; **NON CONTEMPLÁNDOSE MÁIS DUNHA ACTIVIDADE NA MESMA FICHA; NON SE TRATA DE CONVERTER ESTE MODELO NUN RESUMO DAS ACTUACIÓNS DUNHA AENTIDADE.** Por exemplo, se unha entidade ou organismo realiza sete cursos –ou charlas, reunións, etc-. Durante un ano elaborárase unha ficha para cada curso.

2ª: É IMPRESCINDIBLE DISPOR DO IIº PIOM DA LIMIA 2008-2012 PARA PROCEDER Á ELABORACIÓN DAS FICHAS, pois só neste figuran os códigos relativos á área de actuación, obxectivo e actuación concreta.

3ª: Na cabeceira, o organismo e entidade que debe figurar é o principal responsable da actividade quen, ó mesmo stempo, se responsabiliza de cubri-la ficha.

4ª: Non se debe confundi-lo **OBXECTIVO** que figura na cabeceira, referido ó IIº PIOM, co obxectivo concreto que se persegue coa actividade e que figura no punto 7 da ficha. Neste caso, débese especificar con claridade a meta que se pretende lograr, que nalgúns casos poderá coincidir co obxectivo do IIº PIOM.

5ª: O **NÚMERO DE ASISTENTES OU PERSOAS BENEFICIARIAS** que figura no apartado 9 da ficha, é moi importante que se desagregue por sexo cando a actividade vaia dirixida tanto a homes como a mulleres e sempre que sexa posible a súa cuantificación.

6ª: No apartado 11, relativo a **COLABORACIÓNS**, especificaránse tódolos organismos, asociacións, entidades etc. que prestaron algún tipo de colaboración, entendida esta en sentido amplo: apoio económico, técnico, material, infraestrutura e recursos humanos.

1.- ORGANISMO/ENTIDADE RESPONSABLE

CONCELLO DE XINZO DE LIMA (Concellería de Cultura e Turismo; Centro de Información ás Mulleres da Limia)

2.- LIÑAS ESTRATÉXICAS DE INTERVENCIÓN DO II PIOM NA QUE SE INCLÚE (Sinalar de cor vermella a liña estratéxica de intervención).

7.1. 7.1.1. 7.1.2. 7.2. 7.2.1. 7.2.2. 7.2.3. 7.2.4. 7.2.5. 7.2.6. 7.2.7.

3.- OBXECTIVO DO II PIOM (Sinalar de cor vermella o número de obxectivo que corresponde)

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	28	29	30

4.- ACTUACIÓN DO II PIOM (Escribir o nome completo da actuación do II PIOM).

Liña estratéxica de carácter específico.

Liña estratéxica 4: Cultura, Ocio e Tempo Libre.

5.- TIPO DE ACTIVIDADE (Especificar se se trata dun curso de formación ocupacional ou doutro tipo de curso, dun estudio de investigación, exposición / feira, campaña, servicios de apoio, publicación, reunións de traballo, etc.)

OBRADOIRO FORMATIVO.

6.- DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE (Escribi-lo nome completo da actividade).

OBRADOIRO DE CONFECCIÓN DE MÁSCARAS DO ENTROIDO "A PANTALLA".

7.- OBXECTIVO/S DA ACTIVIDADE (Definir, de maneira detallada, a/s meta/s que se persegue/n coa execución desa actividade).

- Potenciar a integración e participación da muller limiá en actividades culturais, educativas e de lecer, que contribúan a mellora da súa calidade de vida e benestar.*
- Promover a cultura popular e a tradición da "Pantalla" entre as mulleres da Limia.*
- Informar sobre a orixe da "Pantalla", os elementos que a conforman, os comportamentos dela e os rituais que executa entre as mulleres limiáns.*
- Fomentar o intercambio cultural entre as mulleres coa finalidade de facer un uso creativo e educativo da nosa cultura e tradición, na que elas se sintan plenamente representadas, potenciando ao mesmo tempo, formación ocupacional e complementaria, en sectores que se presentan como facilitadores de inserción laboral, como é o sector da artesanía.*

8.- POBOACIÓN OU ENTIDADES DESTINATARIAS (Sinalara con claridade a qué persoas, colectivos ou grupos específicos vai dirixida a actuación ou a que departamentos, organismos ou entidades. En calquera caso, detallar as características sociodemográficas da poboación: sexo, grupo de idade infantil, mocidade, adultas, maiores, tipo de asentamento urbano, rural, grupos ou colectivos específicos de mulleres ou homes aos que se dirixe a acción, persoas con discapacidade, emigrantes, inmigrantes, paradas, persoas de etnia xitana, empresariado...).

- Poboación da Comarca da Limia: especialmente mulleres de diferentes idades.*

9. - Nº DE PARTICIPANTES / USUARIAS OU PERSOAS BENEFICIARIAS (Sinala-lo número exacto ou, polo menos, o máis aproximado á realidade).

Nº de mulleres:	11	Nº de homes:	05
Nº de menores:	1		

10. - ÁMBITO XEOGRÁFICO (Sinalar de cor vermella ó ámbito correspondente e, se procede só no caso de marca-lo código 1, 2 ou 3 en ámbito xeográfico- sinalar en qué provincia tivo lugar).

Urbano	1
<u>Rural</u>	<u>2</u>
Beiramar	3
Provincial	4
Autonómico	5
Estatal	6
Europeo	7
Internacional	8
Especial (cárcere, centros especiais)	9

11. - COLABORACIÓN (Sinalar detalladamente os organismo e as entidades que prestaron a súa colaboración: Concellos, Asociacións, ONG, Consellerías da Administración autonómica, empresas privadas, profesionais...).

Nome Departamento / Organismo / Entidade
Concellería de Cultura e Turismo / Concello de Xinzo de Limia

12.- RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS (Indica-los departamento/s, orgaismo/s ou entidade/s que participaron no financiamento da actividade, indicando a cantidade que achega cada un).

Departamento/s, Organismo/s ou Entidade/s	Orzamento
Concellería de Cultura e Turismo	600,00 €

13.- DATA DE REALIZACIÓN: (Anotar día/s e mes, e marcar de cor vermella o ano correspondente)

Día/s: 31 días.

Mes: do 19 de novembro ao 20 de decembro.

Ano: **2008** 2009 2010 2011

14.- INDICADORES RECOLLIDOS NA ACTUACIÓN DO PLANO (sinalar o/s indicador/res segundo está/n contemplado/s na propia actuación do plano).

- Nº de obradoiros, xornadas, seminarios, cursos de carácter cultural e turístico nos que participan as mulleres.
- Nº e tipo de subvencións dirixidas a incrementar a participación cultural das mulleres.
- Nº de xurados culturais e turísticos nos que se incrementou a participación das mulleres.

15.- MEDIOS DE DIFUSIÓN (Sinalar de cor vermella, tódolos medios de divulgación (utilizados, anotando na categoría outros, cando se trate dalgún que non estea indicado)

Televisión	01
Radio	02
Prensa	03
Internet	04
Carteis	05
Anuncios, bandos	06
Correo Postal	07
Revistas	08
Contactos persoais (asambleas, reunións)	09
Contacto telefónico	10
Folletos, dípticos, trípticos	11
Material audiovisual e divulgativo	12
Outros. Especificar cál/es	13

.....

.....

.....

.....

16.- DATA NA QUE SE CUMPRIMENTOU ESTA FICHA

Día	Mes	Ano
21	Decembro	2008

FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO IIº PLANO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DAS MULLERES DA LIMIA

2008-2011

ALGUNHAS PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DAS FICHAS

1ª: Cubrirase unha ficha para cada unha das actividades; **NON CONTEMPLÁNDOSE MÁIS DUNHA ACTIVIDADE NA MESMA FICHA; NON SE TRATA DE CONVERTER ESTE MODELO NUN RESUMO DAS ACTUACIÓNS DUNHA AENTIDADE.** Por exemplo, se unha entidade ou organismo realiza sete cursos –ou charlas, reunións, etc-. Durante un ano elaborárase unha ficha para cada curso.

2ª: É IMPRESCINDIBLE DISPOR DO IIº PIOM DA LIMIA 2008-2012 PARA PROCEDER Á ELABORACIÓN DAS FICHAS, pois só neste figuran os códigos relativos á área de actuación, obxectivo e actuación concreta.

3ª: Na cabeceira, o organismo e entidade que debe figurar é o principal responsable da actividade quen, ó mesmo stempo, se responsabiliza de cubri-la ficha.

4ª: Non se debe confundi-lo **OBXECTIVO** que figura na cabeceira, referido ó IIº PIOM, co obxectivo concreto que se persegue coa actividade e que figura no punto 7 da ficha. Neste caso, débese especificar con claridade a meta que se pretende lograr, que nalgúns casos poderá coincidir co obxectivo do IIº PIOM.

5ª: O **NÚMERO DE ASISTENTES OU PERSOAS BENEFICIARIAS** que figura no apartado 9 da ficha, é moi importante que se desagregue por sexo cando a actividade vaia dirixida tanto a homes como a mulleres e sempre que sexa posible a súa cuantificación.

6ª: No apartado 11, relativo a **COLABORACIÓN**S, especificaránse tódolos organismos, asociacións, entidades etc. que prestaron algún tipo de colaboración, entendida esta en sentido amplo: apoio económico, técnico, material, infraestrutura e recursos humanos.

1.- ORGANISMO/ENTIDADE RESPONSABLE

CONCELLO DE XINZO DE LIMA (Centro de Información ás Mulleres da Limia).

2.- LIÑAS ESTRATÉXICAS DE INTERVENCIÓN DO II PIOM NA QUE SE INCLÚE (Sinalar de cor vermella a liña estratéxica de intervención).

7.1. **7.1.1.** **7.1.2.** **7.2.** **7.2.1.** **7.2.2.** **7.2.3.** **7.2.4.** **7.2.5.** **7.2.6.** **7.2.7.**

3.- OBXECTIVO DO II PIOM (Sinalar de cor vermella o número de obxectivo que corresponde)

1	2	3	4	<u>5</u>	<u>6</u>	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	28	29	30

4.- ACTUACIÓN DO II PIOM (Escribir o nome completo da actuación do II PIOM).

Liña Transversal 2: Información, Comunicación e Sensibilización da poboación limiá.

5.- TIPO DE ACTIVIDADE (Especificar se se trata dun curso de formación ocupacional ou doutro tipo de curso, dun estudio de investigación, exposición / feira, campaña, servicios de apoio, publicación, reunións de traballo, etc.)

CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

6.- DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE (Escribi-lo nome completo da actividade).

CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

7.- OBXECTIVO/S DA ACTIVIDADE (Definir, de maneira detallada, a/s meta/s que se perseque/n coa execución desa actividade).

- Transmitir e difundir boas prácticas e valores sobre a igualdade para homes e mulleres.
- Evitar unha imaxe estereotipada e sexista das mulleres nos medios de comunicación e na publicidade.
